



A LUSOFONÍA

Lingua e Literatura Galega

1º Bacharelato

1. Introducción

- Denomínase lusofonía o espazo lingüístico integrado polos países nos que se fala o portugués: Portugal, Brasil, Cabo Verde, Guinea-Bissau, Angola, Mozambique, São Tomé e Príncipe e Timor Leste.
- Debido á orixe común do galego e o portugués, as dúas linguas comparten moitos trazos comúns, que fan que exista un alto grao de comprensión entre os seus falantes. E por isto que a lingua galega tamén se inclúe no ámbito da lusofonía.



Associação
Galega
da Língua

PAÍSES COM IMPORTANTESMEMBROS DA CPLP (Comunidade de Países de Língua Portuguesa)

Candidatos a Observador associado:
Andorra, Marticos, Filipinas, Galiza,
Malaca, Croácia, Romênia,
Eslovénia, Indonésia e Venezuela

○ português é utilizado como língua de comunicação por dez organizações internacionais: União Europeia, UNESCO, MIBACOM, Organização dos Estados Americanos (OEA), União Latina, Aliança

Latin-American de Conselho Livre (ALALC), Organização dos Estados Ibero-Americanos (OEI), Organização da Unidade Africana (OUA), União Econômica e Monetária da África Oriental.


2. Galego e portugués, unha orixe común

- Durante toda a Idade Media, o galego e o portugués eran unha mesma lingua, filla do latín vulgar que os romanos trouxeran á Gallaecia no século I a.C.
- No século XII, o condado de Portugal sepárase de Galicia e constitúe un novo reino independente. Mentres tanto, Galicia intégrase na Coroa de Castela.
- A separación política de Galicia e Portugal fará que, co paso do tempo, as diferenzas entre o galego e o portugués vaian aumentando ata se converteren en dúas linguas distintas.



3. Galego e portugués, camiños diferentes

A partir do século XVI, o galego e o portugués corren sortes moi diferentes:




- O galego entra nos chamados Séculos Escuros e vai perdendo o prestixio do que gozaba na Idade Media.



- O portugués, pola súa parte, convértese na lingua oficial do Reino de Portugal, un idioma plenamente normalizado e de prestixio.

4. A expansión do portugués polo mundo

Ademais, a partir do século XV a lingua portuguesa espallouse polo mundo como consecuencia da expansión colonial do Imperio Portugués, que vai incorporando territorios de África, América e Asia.



Territorios que nalgún momento formaron parte do Imperio Portugués

5. O galego na lusofonía

- A pesar dos seus camiños diverxentes, hoxe en día, galego e portugués seguen a compartir moitos trazos en común e a comprensión mutua entre as dúas linguas é case total. Para un galego é moi fácil entender o portugués e viceversa.
- A orixe común das dúas linguas e o alto grao de intercomprensión entre os seus falantes permite considerar que o galego forma parte da lusofonía, o que converte o galego nun idioma de grande utilidade para a comunicación coa ampla área lingüística galego-portuguesa, conformada por arredor de douscentos millóns de persoas en cinco continentes.



6. O reintegracionismo

- O reintegracionismo é unha postura lingüística que defende que o galego e o portugués son a mesma lingua.
- Dentro desta corrente propónse un sistema gráfico diferente para o galego, máis próximo ao portugués (escribir, por exemplo, lh e nh en vez de ll e ñ).
- Dentro do reintegracionismo, é destacable o traballo de grupos coma a Associação galega da língua e de figuras coma Ricardo Carvalho Calero, a quen se homenaxeou o Día das Letras Galegas no ano 2020.



é Mundial

